

Burgo di que a Xunta demostra non ter “nin un só plan” para o cuartel de San Fernando nos próximos catro anos

A deputada Concepción Burgo lamenta que o conselleiro de Cultura “nin mencionou” o proxecto do Museo da Romanización nin nada referido ao futuro do edificio lucense esta mañá no Parlamento, na súa comparecencia para explicar os proxectos da lexislatura, o que considera “unha nova burla” do Goberno galego

A deputada do PSdeG-PSOE Concepción Burgo denuncia, tras a comparecencia desta mañá do conselleiro de Cultura e Educación no Parlamento, que este “nin mencionou” o proxecto do Museo da Romanización e demostrou non ter “nin un só plan” referido ao futuro do emblemático edificio do cuartel lucense de San Fernando, nunha intervención na que explicou os proxectos da Consellería para os próximos catro anos. Jesús Vázquez si falou, en cambio, doutras actuacións como o Centro de Interpretación da Cultura Castrexa de Ourense ou a intención de preservar o patrimonio histórico industrial en Galicia. Burgo lamenta o que considera “unha nova burla” da Xunta “no esperpento que está a protagonizar” coa recuperación do inmovible.

Así, a socialista lembra que, na última resposta escrita tras unha iniciativa presentada por ela no Parlamento hai unhas semanas, a Xunta non aporta datas nin se compromete a levar a cabo a rehabilitación, que leva xa dous anos de retraso. Ao contrario, afirma agora “nunha nova excusa para dilatar as actuacións” que está a preparar unha memoria sobre a viabilidade técnica e económica das obras para o Museo da Romanización que, di o Goberno galego, “servirá de base para contribuír á consecución das solucións máis acaídas para garantir que calquera decisión que se adopte no futuro sexa viable e sustentable técnica e economicamente, no escenario actual de cumprimento do déficit e dos orzamentos existentes”.

Por outra banda, e a pesar de afirmar que está a realizar unha memoria e por tanto admitir que é da súa competencia, o Goberno galego négase a asumir a titularidade do inmovible, declarado Ben de Interese Cultural (BIC). A consellería desenténdese e fai que os traballos de mantemento recaian sobre o Concello de Lugo, “nun acto de irresponsabilidade e de indiferencia cara a cidade que só arranxa a boa vontade do goberno municipal”, destaca Burgo, que alerta de que “as condicións non só estéticas, senón de seguridade para os cidadáns polo estado do cuartel son graves”.

Lugo, 12 de marzo de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013
psoeprovinciallugo@gmail.com